



# Informe inicio da Campaña para o Tratamento experimental de Distribución de Cepas Hipovirulentas Outono-Inverno 2020

## Principais liñas de actuación.

A Consellería do Medio Rural, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (SEAGA), traballa no desenvolvemento do PROGRAMA DE LOITA BIOLÓXICA PARA O CONTROL DO CANCRO DO CASTIÑEIRO provocado polo fungo ascomiceto *Cryphonectria parasita*.

O Programa de Loita Biolóxica para o Control do Cancro do Castiñeiro conta con dúas liñas principais de actuación:

1. Inoculacións de cepas hipovirulentas (hv); As cepas hv inoculadas nun cancro activo poden producir a cicatrización do mesmo, o virus pode pasar dunha cepa hipovirulenta a outra virulenta grazas á anastomosis hifal, mecanismo polo que un fungo intercambia información con outro co que entra en contacto sempre que sexan compatibles. Unha vez que a hipovirulencia se establece nunha árbore, as esporas hipovirulentas desprázanse a outras árbores. Para que a súa distribución sexa homoxénea, realizáronse inoculacións segundo unha distribución por cuadrículas por toda Galicia.

**No que vai de ano 2020 realizáronse 10.189 inoculacións.**

2. Seguimento de pés inoculados; có fin de ter unha valoración do tratamento realizado levase a cabo un seguimento “de visu” de árbores inoculadas en anos anteriores.

## Inoculacións e seguimento no ano 2020

### ***Inoculacións no ano 2020***

No primeiro semestre do ano 2020 realizáronse 10.189 inoculacións repartidas polas 4 provincias galegas.





Despois do parón nos meses estivais, prevese realizar un total de 10.515 inoculacións na campaña que está a comezar.

Na páxina web da Consellería do Medio Rural: <https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/sanidade-forestal> atópase a solicitude de tratamento, para participar no programa de dispersión das cepas hv, que se pode presentar:

Xefaturas territoriais.


Servizos Provincias de Montes.

Oficinas dos Distritos Forestais.

Oficinas Agrarias Comarcais.

Ou no correo electrónico: [sanidadeforestal.cmr@xunta.gal](mailto:sanidadeforestal.cmr@xunta.gal)

**Plano de inoculacións no primeiro semestre do 2020 sobre as cuadrículas de distribución homoxénea de cepas hipovirulentas.**





## Seguimentos no ano 2020

Os seguimentos permiten coñecer a eficacia do tratamento realizado. Neste senso establécense dúas liñas de traballo:

- 1) **Seguimento en campo de pés inoculados:** seleccionáronse 5000 pés inoculados dende o ano 2011, no que se comezou a realizar o tratamento, repartidos por diversos concellos da xeografía galega. Farase un seguimento de “visu” no que se valorará con distintos parámetros a eficacia do tratamento realizado:
  - Lonxitude do cancro (cm).
  - Ancho do cancro (cm).
  - Estado do cancro: Activo(A), Cicatrizado(C), Activo-Cicatrizando (A-C), Morto-Cortado(M).
  - Estado do pé: presenza de picnidios, fendas, micelio, ramas secas...
  - Orientación do cancro no tronco: Norte (N) ou Sur (S).
  
- 2) **Desenvolvemento e seguimento en campo de novas inoculacións:** vanse establecer parcelas fixas en diferentes localizacións para iniciar un ensaio completo de inoculación. Esas parcelas han de cumprir os seguintes requisitos:
  - Pés homoxéneos en idade.
  - Que haxa un mesmo número de pés con cancro que sen cancro.
  - Que haxa un mesmo número de pés inoculados que sen inocular.
  - Pés non anelados.
  - Pé con diámetro normal entre 30 e 40 cm.
  - Localizacións con tradición na recolección de castaña.

Nestas parcelas faranse visitas con periodicidade semestral, levarase a cabo un seguimento dos pés individuais (mesmos parámetros que no caso anterior) e da parcela en xeral (realización de podas, tratamentos con sulfatos, outras enfermidades, pragas...) o que permitirá coñecer o grado de dispersión da cepa hv e o seu comportamento.

A semana do 14 ó 18 de decembro faranse tratamentos e seguimentos nos seguintes concellos:



PROVINCIA	CONCELLO	PARROQUIA
LUGO	FRIOL	ARLA (SAN PEDRO)
	O VICEDO	VICEDO (O) (SANTO ESTEVO)
	BARALLA	VILARTELÍN (SANTA EUFEMIA)
	O INCIO	
	SAMOS	
	CHANTADA	
	NAVIA DE SUARNA	
	BECERREÁ	LIBER (SAN REMIXIO)
CERVANTES		
OURENSE	VILAR DE SANTOS	VILAR DE SANTOS (SAN XOÁN)
	LOBIOS	LOBIOS (SAN MIGUEL)
	VILARIÑO DO CONSO	
	CASTRELO DO VAL	PIORNEDO (SANTA EUFEMIA)
	VILARDEVÓS	BERRANDE (SAN BARTOLOMEU) MOIALDE (SANTA MARÍA)
	O BARCO DE BALDEORRAS	ALIXO (SAN MARTIÑO)
	VIANA DO BOLO	
OÍMBRA	VIDEFERRE (SANTA MARÍA)	
A CORUÑA	CABANA DE BERGANTIÑOS	

## Facts&figures

- No primeiro semestre do 2020 realizáronse 10.189 inoculacións.
- No segundo semestre do 2020 na que se prevén 10.515 inoculacións máis.
- Darase comezo á campaña de seguimento de 5.000 pés inoculados en anos anteriores.
- Establécense 4 parcelas para realizar un ensaio completo de inoculación.
- O criterio de elección dos pés inoculados está baseado na cuadrícula de distribución homoxénea de cepas hipovirulentas.
- Dende que se comezou a realizar o tratamento no ano 2011 fixéronse un total de 126.611 inoculacións.